

GUÍA DIDÁCTICA XERAL

APRENDENDO A ESCOITAR OS ELEMENTOS DA LINGUAXE MUSICAL, (NIVEL AVANZADO) II

CONTIDO

Introdución.....	2
Utilización do material	3
Os contidos.....	4
Niveis educativos aos que van dirixidos estes materiais.....	5

INTRODUCCIÓN

Repasando os proxectos de elaboración de materias para a materia de música nos diferentes niveis educativos comprobamos que estes céntrase de cotío nos niveis iniciais da linguaxe musical e apenas existen materiais audiovisuais para elementos da linguaxe máis avanzados.

O enfoque dos nosos materiais implica diferentes niveis de actuación activa por parte do alumnado.

- A interpretación vocal dos elementos traballados.
- A escoita activa dos vídeos (elaborados *ad-hoc*) e audios.
- O traballo sobre as partituras aportadas.
- A creación de música utilizando os elementos presentados.

Aínda que parcialmente o noso traballo pódese cuantificar numericamente deste xeito:

111 vídeos orixinais, 68 exercicios, 8 actividades de Ardora, audios e partituras (en pdf e musescore)

Por outra banda as músicas coas que introducimos estes elementos da linguaxe musical proceden de diferentes ámbitos musicais reflectindo a realidade musical sen perder de vistas as raíces propias da nosa música popular. Mestúranse dun xeito ordenado música medieval, renacentista, barroca, clásica, romántica, nacionalista, impresionista, vangardas do século XX, jazz, pop, rock e música popular galega.

Ao mesmo tempo proporcionan unha visión histórica xa que este elementos da linguaxe musical definen claramente os diferentes trazos estilísticos a través destes elementos estruturais da música.

UTILIZACIÓN DO MATERIAL

Este material está deseñado para o seu uso baixo a supervisión do profesorado da materia.

Débese á natureza avanzada destes contidos que pretenden afondar no coñecemento e os matices da linguaxe harmónica e melódica.

Soamente no caso do alumnado de 5º e, sobre todo, 6º do grao profesional de Conservatorios pode facerse uso do material dun xeito autónomo e sen supervisión do profesorado.

OS CONTIDOS

Estes contidos forman parte do currículo do grao profesional de música de conservatorios e das materias da modalidade do Bacharelato Artístico Análise I e Análise II.

BLOQUE 1. ELEMENTOS HARMÓNICOS DA TONALIDADE

ODE 1.1. O acorde de primeira inversión (6ª). ODE 1.2. Os acordes de segunda inversión (6ª e 4ª). ODE 1.3. Os acordes de sétima (7ª). ODE 1.4. O acorde napolitano. ODE 1.5. Acordes alterados e rebaxados.

BLOQUE 2. PROCEDIMENTOS HARMÓNICOS

ODE 2.1. Os movementos harmónicos. ODE 2.2. Os círculos de quintas e cuartas.

BLOQUE 3 OUTRAS ESCALAS

ODE 3.1. As escalas diminuídas. ODE 3.2. A escala de tons. ODE 3.3. A escala cromática. ODE 3.4. A escala Lidio-dominante (escala acústica ou Prometeo). ODE 3.5. Algunhas escalas pentatónicas. ODE 3.6. A escala de blues.

NIVEIS EDUCATIVOS AOS QUE VAN DIRIXIDOS ESTES MATERIAIS

Inda que pódense facer uso destes materiais dun xeito adaptado en outros niveis, están dirixidos cara dous ámbitos educativos claramente definidos:

- Ensinanzas artísticas: Conservatorio; Grao profesional de música, linguaxe musical 1 e 2, harmonía 1 e 2 análise 1 e 2
- Educación Secundaria Post-obrigatoria: Modalidade de Bacharelato artístico, Análise I e II

GRAO PROFESIONAL DE CONSERVATORIO

Segundo o DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. o estudo da linguaxe musical no grao profesional concrétese en tres materias teóricas que van tomando a remuda no estudo destes elementos da linguaxe harmónica:

Grao profesional conservatorios					
1º ciclo		2º ciclo		3º ciclo	
1º	2º	3º	4º	5º	6º
Linguaxe musical 1 e 2		Harmonía 1 e 2		Análise 1 e 2	

No primeiro ciclo, e dentro da materia da linguaxe musical, comezase o estudo do acorde en 1ª inversión (ODE 1.1), dos movementos harmónicos (ODE 2.1), e dos círculos de quintas e de cuartas (ODE 2.2).

No segundo ciclo, dentro da materia de harmonía, amplíase os conceptos harmónicos como o a da segunda inversión (ODE 1.2), o acorde napolitano (ODE 1.4), o estudo introductorio da harmonía alterada (ODE 1.5) e profúndase nos elementos traballados no ciclo anterior.

Finalmente no terceiro ciclo profúndase en todos os elementos dos tres bloques.

Por tanto faise necesario secuenciar os contidos en función do nivel no que se traballe descartando os conceptos máis complexos nos niveis inferiores.

OS OBXECTIVOS

Este materiais correspóndense cos seguintes obxectivos das tres materias do grao profesional:.

LINGUAXE MUSICAL

Dos oitos obxectivos que marca o decreto que regula o ensino desta materia neste nivel temos tres que fan referencia aos contidos do noso proxecto:

- b) Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e a súa circunstancia.
- f) Recoñecer, a través da audición e da lectura, estruturas harmónicas básicas.
- h) Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao jazz e á música moderna.

HARMONÍA

Nesta materia dun total de dez dous fan referencia aos contidos do noso proxecto:

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.

ANÁLISE

Neste caso son dous dun total de cinco:

- a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

BACHARELATO ARTÍSTICO

No currículo publicado en 2015 dentro do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño establécense dentro da modalidade de bacharelato artístico, as materias específicas de Análise I e II. Estas materias, aínda que dun xeito menos técnico que nas homónimas do conservatorio, tratan os aspectos auditivos e analíticos da linguaxe musical harmónica que presentamos no noso proxecto

Análise I: O currículo da materia divídese en tres grandes bloques de contidos e o noso traballo enmárcase dentro do Bloque 1. “Iniciación aos elementos analíticos”. Dependendo da competencia do alumnado na linguaxe musical será necesario facer en menor ou maior grao unha adaptación do material en función da dificultade.

O currículo da materia análise II, que se divide en 12 bloques de contidos, interactúa doutro xeito. Por unha banda o bloque 1 trata os elementos da linguaxe musical comúns á linguaxe musical en xeral. Pola outra fai un percorrido histórico que complica a utilización dos nosos materiais que poderían seren adaptados desde unha perspectiva histórica.

Pablo Abreu Fernández e Ramón Cabezas Varela



